

OBRADOIRO: CONTABILIDADE COOPERATIVA NIVEL PRO. Supostos prácticos

[Encadrado no convenio de colaboración con Concello de A Coruña]

DATAS REALIZACIÓN	01-16/06/2023	DURACIÓN	20 horas
LUGAR CELEBRACIÓN	A través da plataforma de teleformación http://aulaespazocoop.com . Celebraranse 3 sesións virtuais de aprendizaxe os días: 1, 8 e 16 de xuño en horario de 11:00 a 12:30hs. O horario de titoría será de luns a venres de 13:00 a 14:00 horas		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	TELÉFONO	881 887 456 / 697 877 773
		E-MAIL	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [prema aquí](#)

OBXECTIVOS

- 1) Dar a coñecer á cidadanía en xeral e ás persoas emprendedoras en particular, o modelo empresarial das cooperativas e empresas da Economía Social. Visibilizándoas como fórmula acaída para a creación de emprego estable e de calidade, fixación da poboación no territorio, acceso das mulleres a postos de responsabilidade e limitación da fenda salarial, recuperación de empresas en crise, etc.
- 2) Facilitar o acceso ao coñecemento e a formación das persoas residentes na cidade da Coruña a través de cursos de teleformación con todos os apoios e calidade da formación especializada de Espazocoop.
- 3) Atender as necesidades formativas específicas de mellora na xestión empresarial e habilidades no ámbito comercial das cooperativas participantes.
- 4) Mostrar desde un punto de vista práctico que é, e para que serve, a contabilidade nun proxecto cooperativo . Coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa, para a toma de decisións. Capacitar ás persoas emprendedoras no uso de ferramentas contables.
- 5) Promover a creación dun ecosistema emprendedor no cooperativismo e na economía social na cidade da Coruña que se poida materializar, nun futuro próximo, na constitución de novas cooperativas que enriquezan o tecido produtivo da cidade.

PROGRAMA E CONTIDO

Tema 1. A estrutura xeral contable

Introdución e contextualización. Visión xeral e estrutura do marco contable. Normativa contable e especificidades. Casos prácticos

Tema 2. O tratamento dos fondos propios e específicos nas cooperativas de traballo.

O modelo do pasivo no balance de situación. Delimitación dos fondos propios nas cooperativas de traballo asociado: capital, pasivo financeiro, fondos de reserva, novas achegas e reembolsos. Casos prácticos

Tema 3. A conta de perdas e gaños e a distribución de resultados.

Concepto de resultados de perdas e gaños. Estrutura da conta de perdas e gaños. Información específica a incorporar na memoria. Modelos de balances da conta de perdas e gaños. Casos prácticos.

Tema 4. Fiscalidade cooperativa.

Fiscalidade cooperativa. O imposto de sociedades. Cooperativa protexida e especialmente protexida. Avaliación do obradoiro.

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe.

Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe ao longo do curso. O día 1 de xuño será a presentación e os días 8 e 16 de xuño traballarase na resolución dos supostos prácticos dos temas do curso.

DIRIXIDO A

Persoas cunha idea de negocio e/ou proxecto empresarial interesadas en valorar a viabilidade de emprender baixo a fórmula cooperativa. Primarase a participación de persoas pertencentes a cooperativas, grupos promotores, ás que proveñan de empresas en crise, persoas traballadoras coa condición de autónomas, etc. **Son necesarios coñecementos previos de contabilidade.**